

O vasco Santamarina

Polo 1840, aínda adolescente, partía rumbo á Arxentina un fidalgo galego que chegaría a ser grande civilizador das pampas, facendeiro riquísimo e comerciante poderoso, home principal e admirado na capital do Prata.

Ramón Santamarina Valcárcel, natural de Ourense, abandonou Galicia por causa trágica como hospiciario pobre, para se converter nos pagos que civilizou nun fabuloso “vasco Santamarina”, desnaturalizado polos historiadores da República que el axudou a construír.

Cento cincuenta anos despois, o autor destas notas viaxou a puntos importantes na biografía daquel galego peculiar...

Pardo, Cacharí, 27 de decembro de 1988

Lonxe do mar, pampa adentro, a calor da tarde era seca. O mate correu entre nós, quente pero amargo, nada mellor para tirar a sede. Falei entón de Ourense, a cidade do “vasco”, e da Coruña. Describín a Torre de Hércules, senlleira, faro do adeus para infinitos viaxeiros. A pé dela, o pai do Ramón meteu un tiro na cabeza logo de lle pedir perdón ao fillo por conducir a familia á ruína.

Santamarina, xa na súa madurez, escribiu versos ao respecto:

“Llevo su padre
al sitio fatal
para allí sumirle
en triste orfandad.
En un barco luego
se pudo embarcar
y allí le hacinaron
como vil costal
que a orillas del Plata
de la Europa va
para ser vendido
después de endeudar.
Aquel huérfano humilde
es hoy un señor
y al honrado trabajo
debe tal posición.”

Este galego, que escribía con leísmos impropios de Galicia e da Arxentina, afirmou o seu señorío con 300.000 hectáreas de terra, 120.000 vacas e 700.000 ovellas.

Tandil, 28 de decembro

Tandil é lugar único na pampa, pola silueta da serra baixa con que se anuncia no medio da chaira. Viaxando cara alá era doado

fantasiar as caravanas de “caracois da civilización”, carretas de alta roda, as cubertas de varas tecidas e coiros, as parellas de bois poderosos xunguidos ao *pértigo*. Ducias delas avanzaban rodeadas de homes a cabalo coa espingarda ao colo, vencendo veas de auga. Cando se albiscase o ataque dos indios, xuntáranse as carretas en círculo para serviren de escudo a lanzas e *boleadoras*.

Que aventura a dos produtos da industria europea que chegaban así ata “a fronteira cos salvaxes”. Ramón Santamarina foi caravaneiro e estableceuse baixo o forte de Tandil. Da súa riqueza fican hoxe en pagos tandilenses dúas estancias famosas, *Bella Vista* e *La Indiana*.

Villa Bella Vista é a casa principal da estancia de tal nome,



O “casco” de La Bella Vista en Tandil. | El “casco” de La Bella Vista en Tandil.

edificio sólido dunha planta, en cemento gris-crema con fiestras altas, de ferro, brancas. Na entrada hai unha dobre escalinata con columnas e varanda. Tras delas, nunha forneliña, xorde o busto branco de don Ramón. Unha fotografía con ese fondo, conservada no museo de Tandil, mostra o falso vasco co presidente Roca, exterminador de indios, e algúns políticos menores.

Arredor da *villa* esténdese un parque con camiños e fontes, prados, piñeiros e abetos. Próxima á casa, unha grande urna de ferro e vidro garda os restos dunha carreta cuxas madeiras deixan ver o paso do tempo e o labor do caruncho. Non lonxe levántanse dous edificios auxiliares: a vivenda dos criados, *muchamas* crioulas e *servants* ingleses; e a *usina* eléctrica que

convertería os dominios de don Ramón en mostra do avance imparabile da civilización.

Aínda así, o luxo da estirpe dos Santamarina vese mellor no pazo inglés de *La Indiana*, de tixolo a tres alturas, con torreón, tellados de xisto, bufardas e chemineas. Un porche amplo, co chan de mármore branco e negro, axadrezado, fai imaxinar danzas nos veráns frescos da serra, lonxe das calores húmidas de Buenos Aires.

En terreos que foran de *La Indiana* érguese unha igrexiña de cemento a imitar góticos, con vitrais dedicados a diversos santos, a pé dos cales aparecen rostros do tempo de don Ramón. Preto da igrexa, baixo a sombra ampla dun carballo, é el mesmo quen aparece retratado en bronce, moi serio, con levita, as mans cruzadas sobre o ventre. No pedestal de pedra que eleva a estatua hai data, de 1906, a marcar a homenaxe ao patriarca (seica pai de vinte fillos, habidos con dúas señoras vascas, do cal poida vir o despiste dos biógrafos).

Orense, 30 de decembro

Orense é lugar coñecido por varias peculiaridades: os dinamarqueses que o pobooaron, a súa grande produción de cereais e

O cereal parecía un milagre evanxélico e os colonos requirían rúas, prazas e igrexas. En 1913 un urbanizador comprou a estancia *Las Mercedes* da herdanza de Ramón Santamarina. O 8 de decembro dese ano pódese considerar a data fundacional da vila pois nela se produciu a poxa de “quinta y solares del famoso pueblo de Orense”. Unha placa de bronce marca a conmemoración: “A Orense, la comisión de festejos en su 75 aniversario, 1913-1988”.

Resumo biográfico

Ramón Santamarina Valcárcel naceu en Ourense o 25 de febreiro de 1827, fillo de Xosé Santamarina Varela y Manuela Valcárcel. O avó paterno foi don Joaquín Santamarina, delegado das reais rendas en Ourense e xuíz e xustiza na Vila de Vigo. Na súa executoria figuraron reis, nobres, arcebispos e mestres de Santiago. Pola súa nobreza probada Xosé Santamarina Varela conseguiu posto de xentilhome de cámara e capitán da garde da *corps* de Fernando VII.

Mais todo foi estragado por unha historia de amor cunha linda dama da Corte, esposa dun figurón fernandino. O capitán Santamarina recibiu advertencia rexia para dar cabo do adulterio, non a seguiu e perdeu o seu posto no Palacio.



Rúa de Orense (provincia de Buenos Aires). | Calle de Orense (provincia de Buenos Aires).



A pampa en Orense. | La pampa en Orense.

máis polo “balneario”, longa praia de area castaña e auga azul clara. Vila rectilínea, de casas brancas e cadradas, debe o seu nome a unha estación dos camiños de ferro que o prócer ourensán fixo chegar aos seus campos. Daquela, o rei da Dinamarca xa o nomeara barón, polo mérito de formar unha colonia con súbditos seus capaces de meter a rella no humus profundo da pampa para cultivaren nela trigo e millo.

Ao principio da colonización, naquela zona marítima da pampa só había estancias e ranchos que se servían no establecemento *Cristiano Muerto*, tamén de Santamarina. Inicialmente *pulpería*, con mostrador protexido por barrotes de ferro contra *boleadoras* e facóns, foi evoluíndo a panadería, restaurante, botica e estafeta de correos.

Sen emprego e coas rendas minguadas pola vida alegre en Madrid, volveu á lonxincua provincia nativa, a onde o seguiron rumores do escándalo que humillaban a propia esposa. Daquela trasladouse coa familia á Coruña, onde coidaba poder conseguir un préstamo que os aliviase de necesidades. Ao non obtelo, optou polo suicidio. Poucos días despois morría “de tristeza” dona Manuela Valcárcel.

Na Coruña ficaron os tres fillos do matrimonio, recollidos por uns parentes que logo os entregarían a un hospicio: ao comprobaren, como xa fixeran os prestamistas, que nada ficaba do patrimonio Santamarina-Valcárcel.

O capelán do hospicio logo reparou nas capacidades do Ramón, merecente de mellor vida cá hospiciana, e arranxoulle



O "casco" de La Indiana en Tandil. | El "casco" de La Indiana en Tandil.

Estatua de Santamarina en Tandil. | Estatua de Santamarina en Tandil.

viaxe a Buenos Aires como mariñeiro. Tamén lle deu unha moeda de cinco pesos, capital co que o rapaz chegou ao Novo Mundo en 1840.

Sen máis ca iso, Ramón instalouse no barrio de Barracas e dedicouse a dúas tarefas: de mestre, ensinando letras e contas, e de práctico no vadeo do Riachuelo, por onde entraban e saían as caravanas. O seu ascenso económico e social produciuse ao participar do negocio do *Café de las Cuatro Naciones* da capital do Prata; mais a tiranía rosista, cuxos crimes se atreveu a criticar, obrigouno a "sacarse do medio" para conservar a vida.

Como tantos opositores a Rosas, fuxiu cara á fronteira co indio. En 1846 estableceuse en Tandil, onde montou unha casa de comercio que mandaba a Buenos Aires coiros de gando "alzado" (sen dono nin marca). O seu persoal esfolaba máis de douscentos vacúns ao día.

Poucos anos despois o galego arriscado tiña en funcionamento unha liña de vinte e catro carretas que fornecía os pioneiros instalados ao abrigo do *Fuerte Independencia* na serriña tandilense. Nas décadas que restaban do século fundou vinte e cinco establecementos agropecuarios e varias casas de comercio. En

1890 concentrou a xestión dos seus negocios na afamada Casa Santamarina de Buenos Aires, dedicada á consignación de carnes, coiros e cereais, ás industrias derivadas, ás finanzas e á administración de propiedades urbanas e rurais.

O seu continuo negociar non impediu a Ramón Santamarina Varcárcel dedicarse á vida intelectual. Gran lector, profundou na Historia, na Xeografía e na Economía, como lembran as testemuñas do seu tempo e demostra un vasto epistolario. Fabulosamente rico, membro de entidades decisorias na economía arxentina, homenaxeado en vida, faleceu na capital da República en 1904.

Eduardo Blanco-Amor e Rodolfo Prada contaban que don Ramón acabou demente, reclamando aos berros a entrega de canta vaca vía polas rúas de Buenos Aires, nun tempo en que leiteiros ambulantes muxían ás portas das casas. Se así foi, esa teima daría razón a Erasmo de Rotterdam no seu *Eloxio da Loucura* sen lle restar grandezas ao fidalgo que soubo construír un mundo a partir da súa fidalguía arruinada. G

Xavier Alcalá é escritor.